

**XVIII
PREMIO**

**MANUEL LUEIRO REY
DE NOVELA CURTA**

CONCELLO DO GROVE

Ano 2011

Coa finalidade de honrar a memoria do escritor e político, Manuel Lueiro Rey, na vontade de coadjuvar na promoción da escrita literaria en lingua galega e na divulgación dos seus autores e autoras, e como resultado dun convenio de colaboración con Sotelo Blanco Edicións, o **Concello do Grove** convoca o **XVIII Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta**, dotado con 3.000 euros e que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira.- Será concorrente ao premio calquera persoa física que presente o seu texto en lingua galega, conforme as normas ortográficas vixentes.

Os textos presentados, amais de seren inéditos e totalmente orixinais, non poderán ter sido publicados ou divulgados, en todo ou en parte, por calquera medio físico ou electrónico.

Os textos presentados han ter unha extensión mínima de cincuenta (50) páxinas e unha extensión máxima de cen (100) páxinas, tamaño folio, de cinco mil caracteres cada páxina, aproximadamente.

Segunda.- Con cada un dos textos concorrentes, presentaranse cinco copias en papel e unha en soporte dixital, nun documento de Word, **antes do día 1 de marzo do ano 2011**, remitíndoas ao enderezo seguinte:

Premio Manuel Lueiro Rey
Concellería de Cultura
Concello do Grove
Praza do Corgo, s/n
36980 O Grove (Pontevedra)

Terceira.- Xunto ao texto, e o soporte dixital, que serán enviados sen que sexa recoñecible a autoría da escritora ou escritor e que irá precedido polo título e o lema escollido, xuntarase un sobre pechado no que figure no exterior o lema e mais o título e que no interior conteña o nome apelidos e nif, enderezos postal e electrónico e os teléfonos de contacto de quen sexa o seu autor ou autora, así como o título do libro; indicando no sobre Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2011.

Cuarta.- O xurado estará composto por cinco membros especialistas en literatura. Un deles será a gañadora, ou gañador, que poderá ser substituído polo finalista, da edición anterior do premio, dous serán nomeados polo Concello do Grove e os dous restantes participarán en representación de Sotelo Blanco Edicións.

O premio único outorgarase por maioría simple de votos.

Actuará como secretario do xurado, con voz e sen voto, o concelleiro, ou concelleira, de Cultura do Concello do Grove.

Os membros do xurado serán dados a coñecer antes da concesión do premio.

Quinta.- Calquera incidencia ocasionada na interpretación destas bases será solucionada pola maioría simple dos membros do xurado.

Quinta.- A decisión do xurado, que será inapelable, darase a coñecer durante o mes de maio do ano 2011. O xurado será dado a coñecer no mesmo día da emisión do seu veredicto.

Sexta.- O premio, que é indivisible, poderase declarar deserto, caso de o xurado así o estimar en decisión inapelable. Para tal circunstancia, de cinco votos posibles, terá que darse o caso de que unha obra non sume un mínimo de tres dos votos do xurado.

Sétima.- A editorial Sotelo Blanco, segundo un convenio asinado co Concello do Grove, e en calidade de entidade colaboradora, resérvase o dereito de publicación, sen limitación do número de exemplares da primeira edición, nin das reimpresións, da obra gañadora, reservándose tamén os dereitos preferentes de edición desta en lingua galega coa posibilidade de cederlle tales dereitos a terceiros.

A contía do premio considerárase unha entrega á alzada en concepto de adianto polos dereitos de autor. A beneficiaria ou beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra publicada, que lle serán entregados pola editorial que publica a obra. Todo isto sen menoscabo do regulado pola Lei da propiedade intelectual vixente, que prevalecerá sobre o convenio mencionado.

Oitava.- Os orixinais non premiados poderanse recuperar, con cargo aos autores e autoras concorrentes, logo de pasados quince días da data do veredicto. Os orixinais que non fosen retirados destruíranse pasados trinta días da emisión da decisión do xurado.

A participación neste premio significa a completa aceptación das presentes bases e mais das decisións do xurado que se designe.

O Grove, 12 de xaneiro de 2011